

INSTRUCCIÓN Nº 1/2026 POLA QUE SE REGULAN OS PRAZOS DO PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS PARA A EXECUCIÓN DE OPERACIÓNS EN APOIO DE TERCEIRAS PERSOAS QUE SE TRAMITEN AO ABEIRO DA INTERVENCIÓN LEADER. CONVOCATORIA 2025

O procedemento de xestión e xustificación das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da intervención Leader correspondentes á convocatoria 2025, regúlase no capítulo V do Acordo do Consello de Dirección, do 10 de abril de 2025, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da Intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2025. Este acordo publicouse mediante a Resolución do 16 de abril de 2025 (DOG núm 82, do 30 de abril de 2025).

Estas bases reguladoras foron modificadas pola Resolución do 1 de agosto de 2025 (DOG núm 151, do 8 de agosto de 2025) e pola Resolución do 1 de decembro de 2025 (DOG núm 238, do 10 de decembro de 2025).

En concreto, o apartado 1 do artigo 36. Réxime de xustificación establece que *“a persoa beneficiaria das axudas deberá presentar a xustificación documental dos gastos ou investimentos vinculados á operación subvencionada dentro do prazo máximo previsto no calendario de execución do artigo 46”*.

O apartado 2 do mesmo artigo indica que *“Para estes efectos, a persoa beneficiaria presentará, accedendo á Carpeta cidadá dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, a solicitude de pagamento, segundo o modelo normalizado (anexo XI).*

A presentación da solicitude de pagamento, así como, se é o caso, a remisión da documentación xustificativa que se deberá achegar segundo o modelo do anexo XI, realizarase nos mesmos termos que se establecen nos artigos 17 e 18 deste acordo.

Unha vez recibida polo GDR a solicitude de pagamento en modelo normalizado, xunto coa documentación complementaria que proceda segundo o contido da resolución de concesión da axuda e das epígrafes seguintes deste artigo, correspóndelle ao GDR comprobar que está completa. Unha vez realizada esta comprobación por parte do GDR, deberá remitirla a Axencia nun prazo máximo de dez días para a realización do control administrativo da solicitude de pagamento.

No caso de que o GDR considere incompleta a documentación presentada polo promotor, poderá requirirlle a este que achegue a documentación complementaria.”

E o apartado 19 do mesmo artigo indica que ***“Todas as operacións de investimento incluírán unha visita in situ ao lugar da operación para comprobar o remate do proxecto obxecto da solicitude de pagamento, en cumprimento do artigo 75 do Real decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do plan estratéxico e outras axudas da PAC. Os gastos xustificados deben coincidir cos compromisos adquiridos segundo a resolución de concesión da subvención. A realización da visita in situ corresponderá aos GDR.”***

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

Xacobeo  2027





Asemade, o artigo 46, Calendario de xestión establece as seguintes datas: *"(...) Data final de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores: 1 de setembro de 2026.*

Data final de xustificación do proxecto: 1 de setembro de 2026. (...)"

As mencionadas bases reguladoras establecen que os GDR dispoñen de dez días para remitir á Axencia a solicitude de pagamento e a documentación complementaria que a acompaña unha vez comprobada que está completa. Pero non establecen prazos concretos para a realización dos requirimentos por parte dos GDR aos beneficiarios das axudas no caso de que a documentación estea incompleta, nin tampouco establece un prazo concreto para a realización da visita *in situ* ao lugar da operación para comprobar o remate do proxecto obxecto da solicitude de pagamento.

A motivación desta instrución, unha vez coñecido o número de proxectos que contan con resolución de concesión favorable, é establecer uns prazos uniformes para a remisión á Axencia, por parte dos GDR, da documentación relativa á xustificación das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas e de unificar o procedemento de xestión e xustificación das mesmas, en aras dunha maior ordenación do volume de traballo dos organismos xestor e pagador, e coa finalidade de axilizar os pagos e, consecuentemente, de reducir o tempo de espera para que os beneficiarios das axudas dispoñan dos fondos, ademais de contribuír ao cumprimento da regra N+2.

En canto á competencia para ditar esta instrución, o artigo 46. *Calendario de xestión* das bases reguladoras das axudas de que se trata sinala:

A persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, en previsión dunha ordenada xestión, execución e pechamento da Intervención Leader do PEPAC 2023-2027, poderá variar as datas sinaladas, así como fixar outras para axeitar o ritmo de execución dos proxectos á proximidade das datas límite sinaladas.

Por outra parte, a cláusula sexta dos convenios entre a Axencia e os GDRs, modificados o 06.04.2026, sinala:

1. As funcións da Axencia son as seguintes:

Ditar as instrucións relativas ao funcionamento e xestión da intervención 7119 "LEADER" do PEPAC 2023-2027, garantindo o cumprimento da normativa reguladora, tanto a derivada dos regulamentos comunitarios, como a propia de carácter nacional ou rexional. (...)

De acordo co exposto, dito a seguinte instrución

- 1. Data máxima para realizar requirimentos aos promotores, no caso de que a documentación estea incompleta:** 10 días hábiles contados a partir da data de presentación da solicitude de pagamento.
- 2. Data máxima para a realización das visitas de control e subilas a XALEA:** 10 días hábiles dende a data da presentación da solicitude de pagamento. No caso de non ter presentada a documentación imprescindible para a realización da visita de control, o prazo para realizar a visita será de 5 días hábiles dende a data de presentación da documentación requirida, consonte ao previsto no apartado anterior.





3. **Data máxima para a remisión da solicitude de pago a Agader:** 10 días desde que a documentación estea completa (incluída a acta de control de investimentos).

Santiago de Compostela,
Asinado dixitalmente

A directora xeral da Axencia
M^a Paz Rodríguez Rivera

